

Regulamento 11/2025, do 16 de decembro de 2025, do Consello de Goberno, electoral xeral

PREÁMBULO	4
TÍTULO I. Disposicións xerais	6
CAPÍTULO I. Ámbito de aplicación e réxime xurídico	6
Artigo 1. Ámbito de aplicación.....	6
Artigo 2. Réxime xurídico	7
CAPÍTULO II. Dereito de sufraxio.....	7
Artigo 3. Dereito de sufraxio.....	7
Artigo 4. Sufraxio activo	7
Artigo 5. Sufraxio pasivo	8
CAPÍTULO III. Sectores e colectivos	8
Artigo 6. Sectores e colectivos.....	8
Artigo 7. Número de representantes de cada sector ou colectivo.....	9
CAPÍTULO IV. O censo electoral	10
Artigo 8. O censo electoral.....	10
Artigo 9. Censo provisional e censo definitivo.....	10
TÍTULO II. O procedemento electoral.....	10
CAPÍTULO I. O procedemento electoral xeral.....	10
Artigo 10. Obxecto e trámites.....	10
Artigo 11. Convocatoria de eleccións.....	11
Artigo 12. Presentación de candidaturas	11
Artigo 13. Proclamación provisional e definitiva de candidaturas	11
Artigo 14. Campaña electoral.....	12
Artigo 15. Votación.....	12
Artigo 16. Condicións da votación para elixir representantes de órganos colexiados co fin de garantir unha representación paritaria.....	12
Artigo 17. Escrutinio	13
A información sobre o escrutinio incluírase nas instrucións que se diten pola Secretaría Xeral ás que se refire o artigo 15.4.....	13
Artigo 18. Proclamación provisional da candidatura electa nun órgano unipersoal	13
Artigo 19. Proclamación provisional de candidaturas electas en órganos colexiados	13

Artigo 20. Proclamación definitiva das persoas candidatas electas	14
CAPÍTULO II. O procedemento electoral simplificado	14
Artigo 21. Procedemento electoral simplificado	14
CAPÍTULO III. Cobertura de vacantes por cesamento anticipado.....	15
Artigo 22. Cesamento anticipado	15
Artigo 23. Cobertura de vacantes nos órganos colexiados	15
Artigo 24. Cobertura de vacantes nos órganos unipersoais.....	15
TITULO III. Procesos electorais específicos para a elección de representantes nos órganos colexiados.....	16
CAPÍTULO I. Elección de representantes no Claustro Universitario	16
Artigo 25. Composición do Claustro e duración dos mandatos.....	16
Artigo 26. Organización das eleccións	17
CAPÍTULO II. Elección de representantes no Consello de Goberno.....	18
Artigo 27. Composición do Consello de Goberno e duración dos mandatos	18
Artigo 28. Organización das eleccións	19
CAPÍTULO III. Elección de representantes no Consello Social.....	20
Artigo 29. Composición do Consello Social e duración dos mandatos	20
Artigo 30. Organización das eleccións	20
CAPÍTULO IV. Elección de representantes no Consello do Estudantado	21
Artigo 31. Composición do Consello do Estudantado e duración dos mandatos..	21
Artigo 32. Organización das eleccións	21
CAPÍTULO V. Elección de representantes nas xuntas das facultades ou escolas...	21
Artigo 33. Composición das xuntas das facultades ou escolas e duración dos mandatos	21
Artigo 34. Organización das eleccións	21
CAPÍTULO VI. Elección de representantes no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento	22
Artigo 35. Composición do Comité de Dirección e duración dos mandatos.....	22
Artigo 36. Organización das eleccións	23
CAPÍTULO VII. Elección de representantes nos consellos dos departamentos.....	23
Artigo 37. Composición dos consellos dos departamentos e duración dos mandatos	23
Artigo 38. Organización das eleccións	24

CAPÍTULO VIII. Elección de representantes nos consellos reitores dos centros de investigación.....	24
Artigo 39. Composición dos consellos reitores dos centros de investigación e duración do mandato	24
Artigo 40. Organización das eleccións	25
TÍTULO IV. Procesos electorais específicos para a elección de órganos unipersoais	25
CAPÍTULO I. Eleccións a reitora ou reitor	25
Artigo 41. Persoas elixibles	25
Artigo 42. Persoas electoras	25
Artigo 43. Ponderación do voto	25
Artigo 44. Procedemento de ponderación	25
Artigo 45. Proclamación da candidatura electa e nomeamento	26
CAPÍTULO II. Eleccións aos decanatos e as direccións dos centros	26
Artigo 46. Persoas elixibles	26
Artigo 47. Persoas electoras	26
CAPÍTULO III. Eleccións á dirección da Escola Internacional de Doutoramento	27
Artigo 48. Persoas elixibles	27
Artigo 49. Persoas electoras	27
CAPÍTULO IV. Eleccións á dirección dos departamentos	27
Artigo 50. Persoas elixibles	27
Artigo 51. Persoas electoras	27
CAPÍTULO V. Eleccións á dirección dos centros de investigación.....	27
Artigo 52. Persoas elixibles	27
Artigo 53. Persoas electoras	27
Artigo 54. Organización das eleccións	28
Artigo 55. Ponderación do voto	28
Artigo 56. Procedemento de ponderación	28
TÍTULO V. A Comisión Electoral	29
Artigo 57. Funcións da Comisión Electoral	29
Artigo 58. Composición e mandato da Comisión Electoral	29
Artigo 59. Funcionamento da Comisión Electoral	30
Disposicións adicionais	30



Disposición adicional primeira. Cesamento extraordinario de cargos electos.....	30
Disposición adicional segunda. Cómputo de prazos.....	31
Disposicións transitorias	31
Disposición transitoria primeira. Cargos unipersoais anteriores á Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.....	31
Disposición transitoria segunda. Novos cargos electos	31
Disposición transitoria terceira. Comisión Electoral	31
Disposición transitoria cuarta. Órganos colexiados	31
Disposición transitoria quinta. Institutos universitarios de investigación	31
Disposicións derogatorias	32
Disposición derogatoria única.....	32
Disposicións finais	32
Disposición final primeira. Desenvolvemento e interpretación	32
Disposición final segunda. Entrada en vigor	32

PREÁMBULO

O Regulamento electoral xeral, expresión da autonomía universitaria, é unha norma interna esencial para o funcionamento democrático e transparente da Universidade da Coruña (UDC). Os Estatutos da nosa universidade desenvolven os aspectos básicos previstos na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) sobre o modo de elección dos órganos unipersoais e das persoas representantes dos distintos sectores e colectivos universitarios nos órganos de goberno. Pola súa vez, este regulamento concreta e aclara todos os aspectos operativos necesarios para dotar de seguranza xurídica os procedementos electorais da UDC.

O anterior regulamento, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de setembro de 2016, propiciou a consolidación na UDC de procesos electorais fiables e respectuosos coa lexítima aspiración das persoas electoras e elixibles a tomar parte na conformación dos órganos unipersoais e colexiados que gobernan a nosa universidade.

Sobre a base do construído, apróbase este regulamento, composto de cinco títulos, cincuenta e nove artigos, dúas disposicións adicionais e cinco disposicións transitorias, ademais da disposición derogatoria e dúas disposicións finais que establecen unha habilitación para o desenvolvemento regulamentario e a interpretación da norma, á parte da súa entrada en vigor.

O Título I recolle disposicións xerais referidas ao ámbito de aplicación e o réxime xurídico; o dereito de sufraxio activo e pasivo; os distintos sectores e colectivos; e o censo electoral. As principais novidades veñen da necesidade de incorporar os novos órganos, sectores e colectivos que se presentan nos Estatutos e de recoller no regulamento a limitación de mandatos que sinala a LOSU. Sobre esta última cuestión, xunto á regra de que os mandatos dos órganos unipersoais son improrrogables e non renovables, dispónse un período de *vacatio* obrigatorio para recuperar a elixibilidade: deberá transcorrer un período de tempo equivalente ao establecido nos Estatutos para a duración total do mandato, contado desde a data do cesamento. Esta regulación pretende, por unha banda, recoller a interpretación máis favorable ao dereito fundamental ao exercicio de funcións públicas, dentro das diversas interpretacións que admite o artigo 44.3 da LOSU (STC 192/2012, do 29 de outubro); e, pola outra, establecer a garantía de que ninguén accederá a un cargo unipersoal electo antes do transcurso do período de tempo equivalente a un mandato íntegro,.

O Título II regula o procedemento electoral. No capítulo I regúlanse os diferentes trámites do procedemento xeral, desde a convocatoria de eleccións ata a proclamación definitiva de persoas candidatas electas. Mantense o sistema de votación creado no anterior regulamento para garantir unha representación paritaria nos órganos colexiados, porque da análise do seu funcionamento se deriva que funcionou para acadar a paridade na inmensa maioría dos cargos de representación electos, a pesar de manterse un profundo desequilibrio canto aos membros natos ao que non se lle pode dar resposta a través desta norma. Precisamente para tratar de paliar o dito desequilibrio histórico, establécense diversas medidas: en primeiro lugar, habílitase a Comisión Electoral para abrir un prazo extraordinario para a presentación de candidaturas de mulleres cando o número acadado no prazo ordinario poida comprometer as regras da representación paritaria; en segundo lugar, no caso de que dúas o máis candidaturas obteñan o mesmo número de votos válidos terá prioridade a candidatura presentada pola muller; e, en terceiro lugar, a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) impulsará accións positivas dirixidas a fomentar a presentación de candidaturas de mulleres. O capítulo II regula o procedemento electoral simplificado, para os procesos electorais de natureza especialmente sinxela, que será desenvolvido mediante unha instrución da Secretaría Xeral. O capítulo III regula a cobertura de vacantes por cesamento anticipado no cargo, ben a través das listaxes de agarda, no caso dos órganos colexiados, ou ben mediante designación da reitora ou o reitor, para o que se establecen criterios en función do tipo de órgano cuxa vacante deba cubrirse.

No Título III regúlanse os procesos electorais específicos para a elección de persoas representantes nos órganos colexiados: Claustro Universitario, Consello de Goberno, Consello Social (no que non se ve afectado pola lexislación autonómica que o regula), Consello do Estudiantado, xuntas das facultades ou escolas, Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, consellos dos departamentos e consellos reitores dos centros de investigación. En cada un destes procesos incorpóranse as novidades necesarias para facer efectiva a composición derivada dos Estatutos.

O Título IV recolle as regras electorais específicas para a elección dos órganos unipersoais: a elección da reitora ou o reitor; a decana ou o decano dunha facultade, e a directora ou o director dunha escola; a directora ou o director da Escola Internacional de Doutoramento; a directora ou o director dun departamento; e a directora ou o director dun centro de investigación. De novo, dáselles cumprimento aos mandatos estatutarios, incorporando por primeira vez ao regulamento electoral a elección da persoa directora da Escola Internacional de Doutoramento e dos centros de investigación.

O Título V regula a Comisión Electoral: as funcións, a composición, o mandato dos membros e o funcionamento.

Nas disposicións adicionais regúlase o procedemento de cesamento extraordinario de cargos electos, para cumprir o mandato recollido no artigo 99 dos Estatutos; e establécese a aplicación aos procedementos electorais das regras de cómputo de prazos establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O dereito transitorio regula a situación dos cargos elixidos antes da entrada en vigor dos Estatutos e os novos cargos electos tras se aprobaren; o mantemento en funcións da actual Comisión Electoral; o mantemento en funcións dos membros dos órganos colexiados ata a renovación da súa composición conforme a disposición transitoria terceira dos Estatutos, agás que concorra unha causa de cesamento, en cuxo caso serán dados de baixa sen proceder á cobertura das vacantes; e as eleccións nos institutos universitarios de investigación.

Na disposición final primeira recóllese unha habilitación á Secretaría Xeral para ditar disposicións de desenvolvemento deste regulamento, e á Comisión Electoral para a súa interpretación en caso de dúbida. A disposición final segunda regula a entrada en vigor da norma.

Na elaboración desta norma respectáronse os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

TÍTULO I. Disposicións xerais

CAPÍTULO I. Ámbito de aplicación e réxime xurídico

Artigo 1. Ámbito de aplicación

1. Este regulamento será de aplicación nos procesos electorais dos seguintes órganos da Universidade da Coruña (UDC):

a) Órganos colexiados: elección de representantes no Claustro Universitario, Consello de Goberno, Consello Social, Consello do Estudantado, xuntas de facultade ou escola, Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, consellos dos departamento e consellos reitores dos centros de investigación.

b) Órganos unipersoais: elección da reitora ou o reitor, da persoa titular da presidencia

do Consello do Estudantado, das persoas titulares dos decanatos e as direccións dos centros e da Escola Internacional de Doutoramento, así como das directoras e os directores dos departamentos e centros de investigación.

2. O disposto neste regulamento será de aplicación supletoria noutros procesos electorais que teñan lugar na UDC.

Artigo 2. Réxime xurídico

Os procesos electorais recollidos neste regulamento rexeranse pola lexislación universitaria, tanto estatal como autonómica; polos Estatutos da Universidade; por este regulamento; polos regulamentos de réxime interno que desenvolvan este regulamento; polas instrucións ditadas pola Secretaría Xeral e pola Comisión Electoral da UDC no exercicio das súas competencias; e supletoriamente pola lexislación electoral xeral e, cando proceder, a lei básica de procedemento administrativo común.

CAPÍTULO II. Dereito de sufraxio

Artigo 3. Dereito de sufraxio

1. A UDC garantiralles a todas as persoas da comunidade universitaria o exercicio do dereito de sufraxio universal, libre, directo e secreto, de acordo coa lexislación universitaria vixente, cos seus Estatutos e con este regulamento.

2. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible. Non poderá exercerse por delegación nin mediante voto anticipado.

Artigo 4. Sufraxio activo

1. Para exercer o dereito de sufraxio activo e, polo tanto, ter dereito de voto, as persoas da comunidade universitaria deberán figurar no censo definitivo do correspondente proceso electoral.

2. Poderán formar parte do censo, segundo as condicións que sinala este regulamento para os distintos procesos electorais, as persoas da comunidade universitaria que pertencen aos seguintes sectores:

- a) O profesorado que se atope en servizo activo na UDC.
- b) O estudantado matriculado na UDC en estudos oficiais de grao, mestrado ou doutoramento.
- c) O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos que estea en servizo activo na UDC.
- d) O persoal contratado para realizar tarefas de investigación que leve contratado máis dun mes na UDC.

3. Non terá dereito de voto quen desempeñe un posto fóra da UDC en comisión de servizos, servizos especiais ou situacións equivalentes.

4. O profesorado e o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos doutras universidades ou administracións que presten servizo na UDC mediante

comisión de servizos, servizos especiais ou situacións equivalentes, poderán votar se levan máis de seis meses continuados prestando servizos nesta universidade.

5. Non terá dereito ao voto o estudiantado que pertenza a outras institucións universitarias e estea a gozar dun período de mobilidade nacional ou internacional na UDC.

Artigo 5. Sufraxio pasivo

1. Poderán exercer o dereito de sufraxio pasivo e, polo tanto, ser elixibles as persoas da comunidade universitaria que teñan dereito de sufraxio activo e reúnan os requisitos xerais e específicos establecidos neste regulamento para cada proceso electoral.

2. Para ser elixible como titular dun órgano unipersoal, a persoa candidata deberá ter dedicación a tempo completo ou, de se tratar do sector do estudiantado, estar matriculada en estudos oficiais de grao, mestrado ou doutoramento da UDC.

3. Non se poderá desempeñar simultaneamente máis dun cargo nun órgano unipersoal. Esta limitación non lle afectará á elixibilidade dunha persoa que desempeñe un cargo diferente ao cargo obxecto da convocatoria, aínda que, de resultar elixida, deberá optar por un deles.

4. Os mandatos dos órganos unipersoais serán improrrogables e non renovables, agás nos casos establecidos no artigo 95 dos Estatutos. En consecuencia, será inelixible a persoa saínte do cargo obxecto da convocatoria.

A persoa saínte, con independencia da causa de finalización do mandato, recuperará a súa elixibilidade co transcurso dun período de tempo equivalente ao establecido nos Estatutos para a duración total do mandato, contado desde a data do seu cesamento.

A Comisión Electoral velará pola aplicación deste criterio nos distintos procesos electorais.

5. O exercicio do dereito de sufraxio pasivo requirirá, de ser o caso, a inclusión da persoa candidata no censo electoral definitivo, a presentación da candidatura nos prazos que se establezan no calendario de cada proceso electoral e a proclamación definitiva como persoa candidata.

Porén, poderán ser proclamadas candidatas aquelas persoas que, non figurando no censo definitivo, acrediten no momento da presentación da candidatura que reúnen todas as condicións esixidas, sempre que así o determine a Comisión Electoral.

CAPÍTULO III. Sectores e colectivos

Artigo 6. Sectores e colectivos

1. As persoas da comunidade universitaria exercerán o dereito de sufraxio no sector ao que pertencen dos sinalados no artigo 4.2 (profesorado, estudiantado, persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, e persoal contratado para realizar

tarefas de investigación) ou, cando os Estatutos ou este regulamento establezan colectivos dentro dun sector, no colectivo do que formen parte.

2. As persoas que pertencen simultaneamente a máis dun sector ou, dentro dun mesmo sector, a máis dun colectivo, só poderán exercer o sufraxio activo e pasivo nun deles respecto dun mesmo proceso electoral ou de procesos electorais para o mesmo órgano.

Para o efecto, establécense as seguintes regras de prelación para figurar nos censos:

a) De se desempeñar dous postos de traballo –como profesorado asociado ou substituto e como persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, ou persoal contratado para realizar tarefas de investigación–, entenderase que se pertence ao sector ou colectivo que se corresponda co posto considerado como principal para os efectos da compatibilidade.

b) Cando se desempeñe un posto de traballo na UDC e, ao mesmo tempo, se teña a condición de estudante desta universidade, terase en conta o posto de traballo, agás o disposto na letra seguinte.

c) Para a elección de persoas representantes do estudantado no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento, se se desempeña un posto de traballo na UDC e, ao mesmo tempo, se ten a condición de estudante desta universidade, terase en conta a condición de estudante.

En calquera outro suposto, a Comisión Electoral decidirá o sector ou colectivo no marco do cal exercer o dereito de sufraxio.

3. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos que desempeñe a súa actividade nunha unidade integrada que lles preste servizo a varios centros ou departamentos, así como o persoal das bibliotecas que lles presten servizo a varios centros, poderá exercer o dereito de sufraxio en calquera deles, sempre que figure nos censos definitivos.

Artigo 7. Número de representantes de cada sector ou colectivo

1. O número de representantes por sector ou colectivo será o sinalado nos Estatutos para cada órgano colexiado.

2. Cando o número de representantes por sector ou colectivo veña determinado por porcentaxes sobre o total de membros do órgano, a Secretaría Xeral calculará o número correspondente seguindo os criterios deste regulamento e publicaráo xunto co censo provisional, momento en que abrirá un prazo de tres días para advertir de erros materiais ou aritméticos. O número revisarase tras corrixir erros ou como consecuencia da estimación de reclamacións ao censo provisional, e publicarase xunto co censo definitivo.

CAPÍTULO IV. O censo electoral

Artigo 8. O censo electoral

1. A Secretaría Xeral será o órgano responsable de elaborar e actualizar o censo electoral, así como de resolver as reclamacións que se presenten respecto del.
2. Para manter os censos debidamente actualizados, as secretarías dos centros, da Escola Internacional de Doutoramento, dos departamentos e dos centros de investigación, así como os diferentes servizos de xestión académica, de investigación, de persoal docente e investigador e de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, notificaranlle inmediatamente á Secretaría Xeral calquera alta, baixa ou modificación que poida afectar á súa composición.
3. O censo incluírá, como mínimo, o nome, os apelidos, o número do documento oficial de identidade, o sexo e o colectivo ao que pertenzan as persoas da comunidade universitaria. Estes datos poderán omitirse parcialmente na publicación do censo, de acordo coa normativa de protección de datos persoais.

Artigo 9. Censo provisional e censo definitivo

1. Coa publicación de cada convocatoria electoral abrírase un prazo de tres días para revisar o censo electoral provisional e presentar reclamacións ante a Secretaría Xeral.
2. A Secretaría Xeral resolverá as ditas reclamacións e ordenará a publicación do censo definitivo no Taboleiro Electrónico Electoral habilitado na páxina web da UDC. Esta resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante os xulgados do contencioso-administrativo.
3. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral actualizará o censo ata o día da votación para eliminar del as persoas que deixen de pertencer á comunidade universitaria.

TÍTULO II. O procedemento electoral

CAPÍTULO I. O procedemento electoral xeral

Artigo 10. Obxecto e trámites

1. O procedemento electoral xeral seralles de aplicación aos procesos electorais recollidos neste regulamento, agás os que se tramiten polo procedemento simplificado ou dispoñan dunha regulación específica, como o proceso de elección da reitora ou o reitor, ou da dirección dos centros de investigación.
2. O procedemento electoral xeral constará dos seguintes trámites: convocatoria das eleccións, presentación de candidaturas, proclamación de candidaturas, campaña electoral, votación, escrutinio e proclamación das persoas candidatas electas.

Artigo 11. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria de eleccións realizarase por resolución reitoral. A reitora ou o reitor poderá delegar o exercicio desta competencia nas presidencias dos órganos colexiados para a convocatoria de eleccións nos órganos correspondentes.
2. A convocatoria incluírá, en todo caso, as persoas electoras e elixibles e o calendario electoral. Ademais, detallará todas as especialidades derivadas da existencia de ponderacións do voto ou de calquera outra circunstancia establecida nos Estatutos ou neste regulamento que deba ser desenvolvida.
3. A convocatoria electoral publicarase no Taboleiro Electrónico Electoral, momento en que se abrirá un prazo de tres días para revisar o censo, nos termos sinalados no artigo 9 deste regulamento.

Artigo 12. Presentación de candidaturas

1. No prazo que se estableza no calendario electoral, as persoas elixibles poderán presentar a súa candidatura. Empregarán o formulario electrónico que habilitará a Secretaría Xeral.
2. As candidaturas serán individuais, sen prexuízo da súa posible agrupación para realizar a campaña electoral. Neste caso, indicárase no formulario a denominación ou a sigla da agrupación, que se incluírá na papeleta electoral ao lado do nome da persoa candidata. Se houber coincidencia na denominación ou a sigla por parte de dúas ou máis agrupacións, daráselle preferencia á candidatura que primeiro se presentase.
3. Cando as candidaturas se agruparen en listaxes, deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes, de forma que no conxunto da listaxe para cada sector ou colectivo as mulleres candidatas supoñan, como mínimo, o corenta por cento (40 %). De non ser posible, deberá motivarse.
4. A UDC, a través da unidade de igualdade recoñecida no artigo 157 dos Estatutos, impulsará accións positivas dirixidas a fomentar a presentación de candidaturas de mulleres, dada a súa infrarrepresentación histórica nos procesos electorais.

Artigo 13. Proclamación provisional e definitiva de candidaturas

1. No prazo máximo de tres días desde a finalización do prazo de presentación de candidaturas, a Secretaría Xeral publicará a proclamación provisional das persoas candidatas no Taboleiro Electrónico Electoral.

Nos tres días seguintes poderán presentarse reclamacións ante a Comisión Electoral.

A Comisión Electoral resolverá as reclamacións, se as houber. Unha vez resoltas, procederá á proclamación definitiva das persoas candidatas e ordenará a súa publicación no Taboleiro Electrónico Electoral.

Esta resolución porá fin á vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, previo á vía contencioso-administrativa.

2. Cando o número de candidaturas provisionais de mulleres poida comprometer as regras de representación paritaria previstas no artigo 16, a Comisión Electoral poderá abrir un prazo extraordinario para a presentación de novas candidaturas de persoas do dito sexo.

Artigo 14. Campaña electoral

1. A campaña electoral iniciárase ao día seguinte da publicación da proclamación definitiva das persoas candidatas e terá unha duración máxima de cinco días, segundo se dispoña no calendario electoral.

2. Nos centros da UDC habilitaranse espazos específicos e visibles para a propaganda electoral. Tamén se darán as facilidades necesarias para o desenvolvemento dos actos de campaña, sen que poidan suspenderse as actividades académicas ordinarias.

3. A Comisión Electoral determinará as condicións de uso das listaxes institucionais de correo electrónico da UDC para enviarlle propaganda electoral á comunidade universitaria.

Artigo 15. Votación

1. A votación só poderá ter lugar nun día lectivo. As excepcións a esta regra, cando concorran circunstancias extraordinarias, serán acordadas pola Comisión Electoral.

2. O sistema ordinario de votación será o voto electrónico.

3. Nas papeletas figurarán agrupados os nomes das persoas candidatas. A orde alfabética determinarase segundo o resultado do sorteo anual realizado pola consellería con competencias en materia de facenda e administración pública para establecer a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A Secretaría Xeral ditará as instrucións necesarias para o desenvolvemento do voto electrónico. Nelas deberán determinarse, en función do sistema informático electoral que se empregar, a composición e as funcións da mesa electoral electrónica, a información proporcionada polo sistema, o modo de identificación das persoas electoras, os períodos para a emisión do voto e o modo de votación.

Artigo 16. Condicións da votación para elixir representantes de órganos colexiados co fin de garantir unha representación paritaria

1. Na composición dos órganos colexiados deberá garantirse o principio de representación paritaria entre mulleres e homes. Este principio entenderase cumprido se no resultado electoral de cada órgano a porcentaxe de representación de cada sexo non supera o sesenta por cento (60 %) nin é inferior ao corenta por cento (40 %).

Dada a infrarrepresentación histórica das mulleres nos órganos colexiados da UDC, o principio de representación paritaria non será de aplicación se a representación das mulleres é superior ao sesenta por cento (60 %).

2. Para os efectos de garantir unha representación paritaria nos órganos colexiados, as persoas electoras exercerán o seu dereito ao voto cos dous condicionantes seguintes:

- a) Poderán votar, como máximo, o setenta por cento (70 %) do número total de postos para cubrir, agás no caso dun único posto.
- b) Dese setenta por cento de postos para cubrir, poderá votarse como máximo ao sesenta por cento (60 %) das candidaturas dun dos sexos.

Estas condicións deberán figurar nas papeletas. No procedemento de voto electrónico impedirase a emisión do voto cando non se cumpran estas condicións.

Artigo 17. Escrutinio

Unha vez concluída a votación realizarase o escrutinio, que será público.

A información sobre o escrutinio incluírase nas instrucións que se diten pola Secretaría Xeral ás que se refire o artigo 15.4.

Artigo 18. Proclamación provisional da candidatura electa nun órgano unipersoal

1. Agás que neste regulamento se dispoña outra cousa, será proclamada electa a persoa candidata que obtiver un maior número de votos.

De haber unha soa persoa candidata, será proclamada electa se obtén o apoio de máis da metade dos votos validamente emitidos. De non ser o caso, deberá procederse á convocatoria dun novo proceso electoral.

2. No caso de que dúas ou máis candidaturas obteñan o mesmo número de votos válidos, aplicaranse os seguintes criterios, por orde de prioridade:

- a) Terá prioridade a candidatura presentada por unha muller, co obxectivo de promover a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- b) Se persiste o empate, terá prioridade a persoa que leve máis tempo vinculada á UDC como membro do seu sector, tomando como referencia:
 - para o profesorado, a data de alta como persoal docente e investigador da UDC;
 - para o estudantado, o curso en que se matriculou na titulación pola que participe no proceso electoral.
- c) De persistir o empate, terá prioridade a persoa de maior idade.

Artigo 19. Proclamación provisional de candidaturas electas en órganos colexiados

1. A Comisión Electoral proclamará electas, sen necesidade de votación, as persoas candidatas cando o número de candidaturas definitivas sexa igual ou menor ao dos postos para cubrir e sempre que se respecten as regras de representación paritaria establecidas no artigo 16 deste regulamento.

No resto dos casos, será necesaria a votación e serán proclamadas electas as persoas candidatas que obteñan un maior número de votos no seu sector ou colectivo.

2. No caso de que dúas ou máis candidaturas obteñan o mesmo número de votos válidos, aplicaranse os seguintes criterios, por orde de prioridade:

a) Terá prioridade a candidatura presentada por unha muller, co obxectivo de promover a representación paritaria nos órganos colexiados.

b) Se persiste o empate, terá prioridade a persoa que leve máis tempo vinculada á UDC como membro do seu sector, tomando como referencia:

- para o profesorado, a data de alta como persoal docente e investigador da UDC;
- para o estudantado, o curso en que se matriculou na titulación pola que participe no proceso electoral;
- para o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, a data de alta neste sector na UDC;
- para o persoal contratado para realizar tarefas de investigación, a data de alta neste sector na UDC.

c) De persistir o empate, terá prioridade a persoa de maior idade.

3. A relación das persoas candidatas non electas, ordenadas segundo o número de votos obtidos, conformará unha listaxe de agarda para os casos en que este regulamento estableza a cobertura de vacantes.

Artigo 20. Proclamación definitiva das persoas candidatas electas

1. Contra os acordos de proclamación das candidaturas electas da Comisión Electoral poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, previo á vía contencioso-administrativa.

Este recurso poderá presentarse no prazo de dous días, contados a partir do día seguinte ao da publicación da proclamación provisional das candidaturas electas.

A Comisión Electoral resolverá no prazo máximo de tres días.

2. Resoltos os recursos, se os houber, ou transcorrido o prazo de interposición sen se presentar ningún, a Comisión Electoral procederá á proclamación definitiva das candidaturas electas.

CAPÍTULO II. O procedemento electoral simplificado

Artigo 21. Procedemento electoral simplificado

1. Os procesos electorais poderán tramitarse polo procedemento simplificado cando, pola natureza especialmente sinxela do propio proceso, así o acorde a Comisión Electoral ou o dispoña este regulamento.

2. A tramitación simplificada supón a convocatoria por resolución da presidencia do órgano e a redución de prazos.
3. A votación poderá facerse en urna. Nese caso, ademais das causas de nulidade dos votos recollidas no artigo 96 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, serán nulos os votos emitidos que incumpran as condicións de paridade establecidas no artigo 16.
4. A Secretaría Xeral ditará unha instrución para desenvolver o procedemento simplificado.

CAPÍTULO III. Cobertura de vacantes por cesamento anticipado

Artigo 22. Cesamento anticipado

1. O cesamento das persoas candidatas electas producirase anticipadamente por pedimento propio, por perda das condicións de elixibilidade ou por cesamento no suposto de ausencia superior a tres meses, conforme o artigo 96.3 dos Estatutos.

Nestes casos, o posto ou cargo quedará vacante e procederase á súa cobertura conforme o establecido nos artigos seguintes.

2. O estudantado que finalice os seus estudos de grao durante o mandato e se matricule nun mestrado oficial no mesmo centro non perderá a súa elixibilidade e poderá manterse no seu posto.

Artigo 23. Cobertura de vacantes nos órganos colexiados

Cando se produza unha vacante nun órgano colexiado e exista unha listaxe de agarda, a Secretaría Xeral proclamará como candidata electa a persoa candidata non electa do mesmo sexo que a saínte que teña maior número de votos e que manteña as condicións de elixibilidade.

No caso de non existir unha listaxe de agarda, a Comisión Electoral poderá autorizar o órgano colexiado a realizar eleccións no sector ou colectivo para cubrir a vacante polo tempo que reste até a renovación do órgano e conformar unha nova listaxe de agarda, de ser o caso. As ditas eleccións efectuaranse polo procedemento simplificado.

Artigo 24. Cobertura de vacantes nos órganos unipersoais

1. As vacantes nos órganos unipersoais determinarán a convocatoria de eleccións no prazo máximo dun mes desde o cesamento anticipado. Mentres non se proclame a nova persoa candidata electa, o cargo vacante será asumido por quen a reitora ou o reitor designe en funcións, de conformidade cos seguintes criterios:

a) A vacante no decanato ou a dirección dun centro será cuberta pola persoa do equipo decanal ou de dirección que reúna as condicións de elixibilidade establecidas para o cargo. De haber varias, atenderase aos criterios de maior categoría académica e de maior antigüidade na UDC, nesta orde. Se ningunha persoa cumpre as condicións de elixibilidade esixidas, a designación realizarase entre o profesorado

funcionario ou contratado permanente laboral do centro.

b) A vacante na dirección da Escola Internacional de Doutoramento será cuberta por pola persoa do Comité de Dirección que reúna as condicións de elixibilidade establecidas para o cargo. De haber varias, atenderase aos criterios de maior categoría académica e de maior antigüidade na UDC, nesta orde. Se ningunha persoa cumpre as condicións de elixibilidade esixidas, a designación realizarase entre o profesorado funcionario ou contratado permanente laboral da UDC.

c) A vacante na dirección dos departamentos será cuberta pola persoa do consello do departamento que reúna as condicións de elixibilidade establecidas para o cargo. De haber varias, atenderase aos criterios de maior categoría académica e de maior antigüidade na UDC, nesta orde.

d) A vacante na dirección dos centros de investigación será cuberta pola persoa do equipo de dirección que reúna as condicións de elixibilidade establecidas para o cargo. De haber varias, atenderase aos criterios de maior categoría académica e de maior antigüidade na UDC, nesta orde. Se ningunha persoa cumpre as condicións de elixibilidade esixidas, a designación realizarase entre o profesorado funcionario ou contratado permanente laboral e o persoal investigador adscrito ao centro de investigación a través de programas de ciencia excelente.

2. A vacante da reitora ou o reitor será cuberta en funcións pola persoa do equipo de goberno que reúna as condicións de elixibilidade establecidas para o cargo. De haber varias, atenderase aos criterios de maior categoría académica e de maior antigüidade na UDC, nesta orde. A designación será realizada pola Comisión Electoral.

Á persoa designada corresponderalle convocar eleccións no prazo máximo dun mes desde o cesamento da reitora ou do reitor.

TITULO III. Procesos electorais específicos para a elección de representantes nos órganos colexiados

CAPÍTULO I. Elección de representantes no Claustro Universitario

Artigo 25. Composición do Claustro e duración dos mandatos

1. O Claustro Universitario estará composto pola reitora ou o reitor, que o presidirá, a secretaria ou o secretario xeral, que tamén o será do Claustro, e a xerente ou o xerente, que serán membros natos, e trescentas persoas representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria, nos seguintes termos:

a) Cento cincuenta e tres (51 %) pertencerán ao profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral.

b) Tres (1 %) pertencerán ao profesorado asociado.

c) Vinte e un (7 %) pertencerán ao resto de profesorado laboral.

d) Trinta (10 %) representarán o persoal técnico, de xestión e de administración e

servizos.

e) Quince (5 %) representarán o persoal contratado en tarefas de investigación.

f) Setenta e oito (26 %) serán representantes do estudantado, incluído o pertencente á Escola Internacional de Doutoramento.

2. As persoas do Claustro que figuran na letra a) do apartado anterior serán elixidas por seis anos; as das letras b), c), d) e e) serán por tres anos e o estudantado será por dous anos.

Artigo 26. Organización das eleccións

1. Para organizar as eleccións ao Claustro, distinganse os seguintes sectores e colectivos:

a) Ao sector do profesorado corresponderalle un máximo de cento setenta e sete representantes, que se distribuirán entre os seguintes colectivos:

a.1) Profesorado funcionario e profesorado permanente laboral: máximo de cento cincuenta e tres representantes.

a.2) Profesorado asociado: máximo de tres representantes.

a.3) Resto do profesorado laboral: máximo de vinte e un representantes.

b) Ao sector do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos corresponderalle un máximo de trinta representantes.

c) Ao sector do persoal contratado para realizar tarefas de investigación corresponderalle un máximo de quince representantes.

d) Ao sector do estudantado corresponderalle un máximo de setenta e oito representantes.

2. A elección de profesorado funcionario e profesorado permanente laboral levarase a cabo por/entre o profesorado de cada facultade ou escola. Para os efectos, o profesorado estará adscrito ao centro no que imparta docencia ou no que imparta a maior parte da súa docencia no curso académico en que se convoque o proceso electoral.

Corresponderalle á Secretaría Xeral determinar o número de persoas representantes por facultade ou escola, en función do número total de persoas deste colectivo adscritas a cada centro no censo definitivo.

3. A elección do estudantado de grao e mestrado levaranse a cabo por/entre o estudantado da facultade ou escola. No caso do estudantado de doutoramento, por/entre o estudantado da Escola Internacional de Doutoramento.

Para estes efectos, establécense as seguintes regras de adscrición:

a) O estudantado matriculado simultaneamente en estudos de doutoramento e de grao ou mestrado será asignado á Escola Internacional de Doutoramento.

b) O estudantado matriculado en estudos de dobre titulación ou que estea cursando a un tempo distintos estudos adscribirase á facultade ou escola en que teña máis créditos matriculados no curso académico en que se realicen as eleccións, ou, de non se dispor dese dato, o maior número de créditos matriculados no curso académico anterior. De non servir este criterio, a Comisión Electoral resolverá mediante sorteo.

Corresponderalle á Secretaría Xeral determinar o número de representantes por facultade ou escola en función da cifra total do estudantado adscrito a cada centro no censo definitivo.

4. No resto de sectores ou colectivos, a elección levarase a cabo por/entre todas as persoas do correspondente sector ou colectivo da comunidade universitaria.

CAPÍTULO II. Elección de representantes no Consello de Goberno

Artigo 27. Composición do Consello de Goberno e duración dos mandatos

1. O Consello de Goberno estará composto pola reitora ou reitor, que o presidirá, a secretaria ou o secretario xeral, que tamén o será do Consello de Goberno, e a xerenta ou o xerente, que serán membros natos, e un máximo de sesenta representantes dos distintos sectores da comunidade universitaria, nos seguintes termos:

a) Trinta persoas do profesorado funcionario e do profesorado permanente laboral, e entre elas:

- Cinco elixidas por/entre as persoas representantes do sector no Claustro.
- Cinco elixidas por/entre as decanas e os decanos e as directoras e directores de xuntas de facultade ou escola, elixidas por/entre elas.
- Unha elixida por/entre as persoas que integran o Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento.
- Cinco elixidas por/entre as directoras e os directores dos departamentos.
- Unha elixida por/entre as directoras e os directores dos centros de investigación.
- Trece persoas designadas pola reitora ou o reitor.

b) Catro representantes do resto do profesorado, unha elixida por/entre o profesorado asociado do Claustro e as restantes por/entre o resto do profesorado do Claustro.

c) Sete do estudantado, elixidas por/entre as persoas representantes do estudantado no Claustro.

d) Cinco do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, elixidas por/entre as persoas representantes do sector no Claustro.

e) Dúas do persoal contratado en tarefas de investigación, elixidas por/entre as representantes do sector no Claustro.

f) Dúas persoas dos órganos unitarios de representación das empregadas e empregados públicos ao servizo da Universidade, por proposta dos seus órganos.

g) Tres do Consello Social, elixidas por/entre as persoas integrantes do órgano que non formen parte do Equipo de Goberno.

h) Sete designadas pola reitora ou o reitor, entre as cales figurarán, polo menos, unha do estudantado, unha do profesorado e unha do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, en que se procurará unha composición paritaria do Consello de Goberno e a representación equilibrada do Campus de Ferrol.

2. A duración do mandato das persoas elixidas entre integrantes doutros órganos colexiados virá determinada pola duración dos mandatos nos respectivos órganos.

3. O mandato das designadas pola reitora ou reitor rematará, en todo caso, co seu cesamento.

Artigo 28. Organización das eleccións

1. Para organizar as eleccións ao Consello de Goberno, distínguiranse os seguintes sectores e colectivos:

a) Ao sector do profesorado corresponderalle un máximo de vinte e unha persoas representantes, distribuídas entre os seguintes colectivos:

a.1) profesorado funcionario e profesorado permanente laboral: máximo de dezasete representantes;

a.2) profesorado asociado: máximo dun representante;

a.3) resto do profesorado: máximo de tres representantes.

b) Ao sector do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos corresponderalle un máximo de cinco persoas representantes.

c) Ao sector do persoal contratado para realizar tarefas de investigación corresponderalle un máximo de dúas persoas representantes.

d) Ao sector do estudantado corresponderalle un máximo de sete persoas representantes.

2. A elección das persoas representantes do profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral levarase a cabo do seguinte xeito:

a) Cinco serán escollidas por/entre as persoas representantes do profesorado funcionario e permanente laboral no Claustro.

b) Cinco serán escollidas por/entre as persoas titulares dos decanatos e as direccións dos centros.

c) Unha será escollida por/entre o profesorado funcionario ou permanente laboral do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento.

d) Cinco serán escollidas por/entre as persoas titulares das direccións dos departamentos.

e) Unha será escollida por/entre as persoas titulares das direccións dos centros de

investigación.

3. Para o resto dos sectores ou colectivos, a elección levarase a cabo por/entre as persoas representantes de cada un deles no Claustro.

4. As tres persoas representantes do Consello Social no Consello de Goberno serán escollidas polo Consello Social entre aquelas que non pertencen ao Equipo de Goberno.

CAPÍTULO III. Elección de representantes no Consello Social

Artigo 29. Composición do Consello Social e duración dos mandatos

1. A composición e a duración do mandato das persoas que integran o Consello Social será determinada por lei do Parlamento de Galicia.

En todo caso, formarán parte do Consello Social:

- a) a reitora ou o reitor, a secretaria ou o secretario xeral, e a xerenta ou o xerente;
- b) unha persoa en representación do profesorado, elixida por/entre as que formen parte do Consello de Goberno;
- c) unha persoa en representación do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, elixida por/entre as que formen parte do Consello de Goberno;
- d) unha persoa en representación do estudantado, elixida polo Consello do Estudiantado de entre as persoas que o integran.

2. A duración do mandato das persoas electas no Consello Social será de tres anos, agás a representante do Consello do Estudiantado no Consello Social, que terá un mandato dun ano.

Artigo 30. Organización das eleccións

1. Sen prexuízo do que dispoña a lei que regule os consellos sociais, para organizar a elección das persoas representantes a que se refire o artigo 108.2 dos Estatutos, no Consello Social distinguíranse os seguintes sectores e colectivos:

- a) Ao sector do profesorado corresponderalle un máximo dunha persoa representante.
- b) Ao sector do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos corresponderalle un máximo dunha persoa representante.
- c) Ao sector do estudantado corresponderalle un máximo dunha persoa representante.

2. A elección das persoas representantes do sector de profesorado e do sector do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos levarase a cabo por/entre as persoas representantes de cada un dos sectores no Consello de Goberno.

3. A elección da persoa representante do sector de estudantado realizarase por/entre as persoas que conforman o Consello do Estudiantado.

CAPÍTULO IV. Elección de representantes no Consello do Estudiantado

Artigo 31. Composición do Consello do Estudiantado e duración dos mandatos

1. O Consello do Estudiantado da UDC estará composto por dúas persoas representantes de cada centro elixidas por/entre as persoas representantes do estudiantado nas xuntas de centro e na Escola Internacional de Doutoramento.
2. O mandato das persoas que integran o Consello do Estudiantado será dun ano.

Artigo 32. Organización das eleccións

A elección de representantes do estudiantado no Consello do Estudiantado realizarase, en cada facultade ou escola e na Escola Internacional de Doutoramento, por/entre as persoas representantes do estudiantado nas xuntas dos centros e no Comité de Dirección respectivamente.

CAPÍTULO V. Elección de representantes nas xuntas das facultades ou escolas

Artigo 33. Composición das xuntas das facultades ou escolas e duración dos mandatos

1. A Xunta de Facultade ou Escola estará composta pola persoa decana ou directora, que a convocará e presidirá, as vicedecanas e os vicedecanos, as subdirectoras e os subdirectores, e a secretaria ou o secretario do centro, que o será tamén da Xunta, e unha representación dos distintos sectores da comunidade universitaria, nos seguintes termos:

a) O profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral que imparta docencia maioritaria no centro, que supoñerá o cincuenta e un por cento (51 %) do número total de integrantes da Xunta.

b) Unha representación do estudiantado do centro nunha proporción do vinte e sete por cento (27 %) do número total de integrantes da Xunta.

c) Unha representación do resto do profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador en formación que colabore na docencia, nunha proporción do doce por cento (12 %) do número total de integrantes da Xunta, sempre que for posible.

d) Unha representación do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos nunha proporción do dez por cento (10 %) do número total de integrantes da Xunta.

2. A duración do mandato das persoas representantes na Xunta de Facultade ou Escola será dun ano para o estudiantado e de tres anos para o resto de persoas electas.

Artigo 34. Organización das eleccións

1. Para organizar as eleccións en cada xunta de facultade ou escola, distinguíranse os seguintes colectivos e sectores:

a) Profesorado non funcionario nin permanente laboral e persoal investigador en formación que colabore na docencia.

b) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

c) Estudantado do centro.

2. A elección de representantes dos diversos colectivos e sectores farase do seguinte xeito:

a) A elección de representantes do profesorado levarase a cabo por/entre o profesorado adscrito ao centro ou que imparta nel a maior parte da súa docencia no curso académico en que se convoque o proceso electoral.

b) A elección de representantes do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos realizarase por/entre o persoal do sector adscrito ao centro, sen prexuízo do disposto no artigo 6.3.

c) A elección de representantes do estudantado realizarase por/entre o estudantado matriculado no centro no curso académico no que se convoque o proceso electoral, sen que resulten de aplicación as regras de adscrición establecidas no artigo 26.3.

3. Corresponderalle á Secretaría Xeral determinar o número de representantes de cada colectivo ou sector, en función do número total de integrantes da xunta do centro, que se calculará a partir do número de persoas do colectivo do profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral adscrito ao centro.

CAPÍTULO VI. Elección de representantes no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento

Artigo 35. Composición do Comité de Dirección e duración dos mandatos

1. O Comité de Dirección estará integrado pola directora ou director da Escola, que desempeñará a Presidencia, a subdirectora ou o subdirector da Escola, e a secretaria ou o secretario da Escola, que tamén o será do Comité de Dirección, e as seguintes persoas:

a) As persoas titulares das vicerreitorías con competencias en materia de estudos de doutoramento, investigación e relacións internacionais.

b) O profesorado coordinador dos programas de doutoramento, incluído quen coordine na UDC programas conxuntos con outras universidades.

c) A persoa responsable da Oficina de Doutoramento ou aquela desta oficina en quen delegue.

d) Unha representación do alumnado da Escola nunha proporción do vinte e oito (28 %) do total de integrantes do Comité de Dirección, equitativa para cada rama de coñecemento e elixida por/entre as que formen parte desta.

2. Participará nas sesións do Comité de Dirección, con voz e sen voto, unha representación das entidades colaboradoras dos programas de doutoramento, nunha

proporción máxima do dez por cento (10 %) do total de integrantes do Comité de Dirección.

3. A duración do mandato das persoas representantes do estudantado será dun ano.

Artigo 36. Organización das eleccións

1. Para organizar as eleccións no sector do estudantado de doutoramento, distínguense os seguintes colectivos:

- a) Estudiantado da rama de coñecemento de artes e humanidades
- b) Estudiantado da rama de coñecemento de ciencias
- c) Estudiantado da rama de coñecemento de ciencias da saúde
- d) Estudiantado da rama de coñecemento de ciencias sociais e xurídicas
- e) Estudiantado da rama de coñecemento de enxeñaría e arquitectura

2. As eleccións a representantes do estudantado de doutoramento levarase a cabo por/entre o estudantado adscrito á Escola Internacional de Doutoramento.

3. Corresponderalle á Secretaría Xeral determinar o número total de representantes e o número de representantes por rama de coñecemento, en función do número total de membros do Comité de Dirección.

CAPÍTULO VII. Elección de representantes nos consellos dos departamentos

Artigo 37. Composición dos consellos dos departamentos e duración dos mandatos

1. O Consello de Departamento estará composto pola persoa directora, que o presidirá e o convocará, e a secretaria ou o secretario, que o será do órgano, e as seguintes persoas:

- a) O profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral integrado no departamento, que supoñerá o cincuenta e un por cento (51 %) do número total do Consello.
- b) O resto do profesorado integrado no departamento, nunha proporción do once por cento (11 %) do número total do Consello.
- c) O estudantado do centro nunha proporción do vinte e oito (28 %) do número total de persoas que integran o Consello, elixidas por/entre o estudantado do centro e da Escola Internacional de Doutoramento.
- d) O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos nunha proporción do dez por cento (10 %) do número total do Consello.

2. A duración do mandato das persoas representantes no Consello de Departamento será dun ano para o estudantado e de tres anos para o resto das persoas electas.

Artigo 38. Organización das eleccións

1. Para organizar as eleccións en cada consello de departamento, distinguíranse os seguintes colectivos e sectores:

- a) Profesorado non funcionario nin permanente laboral e persoal investigador en formación que colabore na docencia.
- b) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.
- c) Estudiantado.

2. A elección de representantes dos colectivos e sectores farase do seguinte xeito:

- a) A elección de representantes do profesorado levarase a cabo por/entre o profesorado adscrito ao departamento;
- b) A elección de representantes do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos realizarase por/entre o persoal do sector adscrito ao departamento, sen prexuízo do disposto no artigo 6.3;
- c) A elección de representantes do estudiantado realizarase por/entre o estudiantado do centro ao que está adscrito o departamento e o estudiantado matriculado en programas de doutoramento vinculados ao dito centro, sen que resulten de aplicación as regras de adscrición establecidas no artigo 26.3.

3. Corresponderalle á Secretaría Xeral determinar o número de representantes de cada colectivo ou sector, en función do número total de integrantes do consello de departamento, que se calculará a partir do número de persoas do colectivo do profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral adscrito ao departamento.

CAPÍTULO VIII. Elección de representantes nos consellos reitores dos centros de investigación

Artigo 39. Composición dos consellos reitores dos centros de investigación e duración do mandato

1. O Consello Reitor estará integrado polas seguintes persoas:

- a) A reitora ou o reitor, que o presidirá, ou a persoa en quen delegue.
- b) A vicerreitora ou o vicerreitor con competencias en materia de investigación, ou persoa en quen delegue.
- c) Unha ou un vogal en representación do Consello de Goberno, que nomeará a reitora ou o reitor.
- d) Unha representación das institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade investigadora do centro.
- e) A directora ou o director do centro de investigación.

- f) A subdirectora ou o subdirector do centro de investigación.
- g) A secretaria ou o secretario do centro de investigación, que o será do Consello Reitor.
2. A duración do mandato das e dos representantes no Consello Reitor será de seis anos.

Artigo 40. Organización das eleccións

A elección da persoa que ocupe a vogalía prevista na letra c) do artigo anterior faraa o Consello de Goberno entre os seus membros.

TITULO IV. Procesos electorais específicos para a elección de órganos unipersoais

CAPÍTULO I. Eleccións a reitora ou reitor

Artigo 41. Persoas elixibles

Poderán ser elixibles e presentar a súa candidatura ao posto de reitora ou reitor as persoas da comunidade universitaria que pertenzan ao profesorado funcionario ou permanente laboral a tempo completo, reúnan os requisitos xerais de elixibilidade sinalados no artigo 5 deste regulamento e posúan, como mínimo, tres sexenios de investigación ou transferencia, tres quinquenios docentes e catro anos de experiencia no ámbito da xestión universitaria nalgún cargo unipersoal estatutario.

Artigo 42. Persoas electoras

Terán dereito ao voto todas as persoas da comunidade universitaria con dereito de sufraxio activo nos termos recollidos no artigo 4 deste regulamento.

Artigo 43. Ponderación do voto

O voto para a elección de reitora ou reitor será ponderado por sectores ou colectivos, de conformidade coas seguintes porcentaxes:

- a) Profesorado funcionario ou profesorado permanente laboral: cincuenta e un por cento (51 %).
- b) Profesorado asociado: un por cento (1 %).
- c) Resto de profesorado: sete por cento (7 %).
- d) Estudantado (incluído o da Escola Internacional de Doutoramento): vinte e seis por cento (26 %).
- e) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos: dez por cento (10 %).
- f) Persoal contratado en tarefas de investigación: cinco por cento (5 %).

Artigo 44. Procedemento de ponderación

1. Unha vez realizado o escrutinio, aos votos validamente emitidos ás candidaturas de cada un dos sectores ou colectivos aplicaráselles unha ponderación que permita

establecer as porcentaxes que se sinalan no parágrafo anterior.

Para tales efectos, usarase a seguinte fórmula:

$$CF = POS * NTVca / (100 * NTVsco)$$

CF: coeficiente do sector/colectivo

POS: porcentaxe do sector/colectivo

NTVca: n.º total de votos obtidos polas candidaturas

NTVsco: n.º total de votos validamente emitidos no sector/colectivo

2. O número de votos ponderados correspondentes a cada candidatura en cada sector ou colectivo calcularase multiplicando o número de votos que obteña a candidatura polo coeficiente de ponderación do sector ou colectivo.

3. O número de votos ponderados totais correspondentes a cada candidatura será o resultado de sumar os votos ponderados que reciba en cada sector ou colectivo.

Artigo 45. Proclamación da candidatura electa e nomeamento

1. De se presentar unha soa persoa candidata, será proclamada reitora se logra o apoio de máis da metade dos votos validamente emitidos, unha vez aplicadas as ponderacións correspondentes. No caso contrario, convocaranse novamente eleccións.

2. De se presentar máis dunha persoa candidata e ningunha acadar o dito apoio, procederase a unha segunda votación entre as dúas candidaturas que obtivesen o maior número de votos en primeira volta, tendo en conta as ponderacións. Nesta segunda volta será proclamada a candidatura que obteña a maioría simple de votos atendendo ás ponderacións.

3. O órgano competente da Xunta de Galicia nomeará a reitora ou o reitor.

CAPÍTULO II. Eleccións aos decanatos e as direccións dos centros

Artigo 46. Persoas elixibles

Poderán ser elixibles e presentar a súa candidatura ao posto de decana ou decano dunha facultade e directora ou director dunha escola as persoas da comunidade universitaria con dereito de sufraxio pasivo que pertencen ao profesorado funcionario ou permanente laboral a tempo completo, e que estean adscritas á facultade ou a escola na que se convoquen as eleccións.

Artigo 47. Persoas electoras

Terán dereito ao voto todas as persoas integrantes da xunta da facultade ou a escola en que se convoquen as eleccións.

CAPÍTULO III. Eleccións á dirección da Escola Internacional de Doutoramento

Artigo 48. Persoas elixibles

Poderán ser elixibles e presentar a súa candidatura ao posto de directora ou director da Escola Internacional de Doutoramento as persoas da comunidade universitaria con dereito de sufraxio pasivo que pertencen ao profesorado funcionario ou permanente laboral a tempo completo e que contén, como mínimo, con tres sexenios de investigación ou transferencia.

Artigo 49. Persoas electoras

Terán dereito ao voto todas as persoas integrantes do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento.

CAPÍTULO IV. Eleccións á dirección dos departamentos

Artigo 50. Persoas elixibles

Poderán ser elixibles e presentar a súa candidatura ao posto de directora ou director dun departamento as persoas da comunidade universitaria con dereito de sufraxio pasivo que pertencen ao profesorado funcionario ou permanente laboral a tempo completo, e que estean adscritas ao departamento no que se convoquen as eleccións.

Artigo 51. Persoas electoras

Terán dereito ao voto todas as persoas integrantes do consello do departamento no que se convoquen as eleccións.

CAPÍTULO V. Eleccións á dirección dos centros de investigación

Artigo 52. Persoas elixibles

1. A reitora ou o reitor nomeará as persoas titulares da dirección dos centros de investigación logo de elección directa por sufraxio universal ponderado polo persoal adscrito ao centro entre o seu profesorado funcionario ou permanente laboral e o persoal investigador adscrito ao centro a través de programas de ciencia excelente, Oportunius e outros homologables.

2. As candidaturas que se presenten deberán ser previamente validadas polo Consello Científico Asesor do centro de investigación, que comprobará que os méritos académicos das persoas candidatas son suficientes para dirixir un centro de investigación.

No calendario electoral que acompañe a convocatoria deberá sinalarse o prazo de que disporá o Consello Científico Asesor para a dita validación, que non poderá ser superior a sete días.

Artigo 53. Persoas electoras

Terán dereito ao voto as persoas adscritas ao centro de investigación.

Artigo 54. Organización das eleccións

Para organizar as eleccións distínguense os seguintes sectores ou colectivos:

- a) Persoal docente e investigador doutor e persoas do programa Oportunus (INV1).
- b) Resto do persoal investigador non doutor (INV2).
- c) Persoal contratado para realizar tarefas de investigación, investigador doutor (INV3), entre o que se inclúen:
 - as persoas contratadas con cargo a programas de captación de talento que esixan ter o título de doutora ou doutor, como os programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva ou as bolsas posdoutorais da Xunta de Galicia, entre outros;
 - as persoas contratadas ao abeiro do artigo 23 bis da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, con contratos de persoal investigador contratado doutor, segundo o acordo de clasificación do persoal contratado para realizar tarefas de investigación da UDC.
- d) Estudantado de doutoramento adscrito ao centro, incluídos os programas de doutoramento interuniversitarios (DOU).
- e) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PT).
- f) Persoal contratado para realizar tarefas de investigación (PT).

Artigo 55. Ponderación do voto

1. O voto para a elección da directora ou o director dun centro de investigación será ponderado por sectores ou colectivos.
2. Corresponderalle á Secretaría Xeral determinar as ponderacións que correspondan en función do número de persoas censadas en cada centro, garantindo en todo caso que a ponderación do voto do colectivo INV1 será, como mínimo, do cincuenta e un por cento (51 %). A ponderación do voto dos sectores do persoal técnico, de xestión e administración e servizos e do persoal contratado para realizar tarefas de investigación, de investigación non superará conxuntamente o 15 %.

Artigo 56. Procedemento de ponderación

1. Unha vez realizado o escrutinio, aos votos validamente emitidos ás candidaturas de cada un dos sectores ou colectivos aplicaráselles unha ponderación que permita establecer as porcentaxes que determine a Secretaría Xeral.

Para tales efectos, usarase a seguinte fórmula:

$$CF = POS * NTVca / (100 * NTVsco)$$

CF: coeficiente do sector/colectivo

POS: porcentaxe do sector/colectivo

NTVca: n.º total de votos obtidos polas candidaturas

NTVsco: n.º total de votos validamente emitidos no sector/colectivo

2. O número de votos ponderados correspondentes a cada candidatura en cada sector ou colectivo calcularase multiplicando o número de votos que obteña a candidatura polo coeficiente de ponderación do sector ou colectivo.

3. O número de votos ponderados totais de cada candidatura será o resultado de sumar os votos ponderados da citada candidatura en cada sector ou colectivo.

TÍTULO V. A Comisión Electoral

Artigo 57. Funcións da Comisión Electoral

A Comisión Electoral é o órgano colexiado responsable da organización e o seguimento dos procesos electorais xerais da UDC.

Ademais das competencias que lle atribúe expresamente este regulamento, terá as seguintes funcións:

- a) Organizar o procedemento de emisión de voto.
- b) Verificar o escrutinio.
- c) Proclamar os resultados provisionais e definitivos das eleccións.
- d) Resolver as consultas que lle fixeren os órganos da UDC ou as persoas interesadas sobre asuntos da súa competencia e, en particular, sobre a interpretación e aplicación da normativa electoral.
- e) Decidir sobre os medios e o financiamento das actividades da campaña electoral, en función do número de candidaturas que se presentaren, e sobre o uso do correo electrónico institucional.
- f) Aquelas funcións que, non lle sendo atribuídas a outro órgano da UDC, tiveren relación coa xestión e o control dos procesos electorais.

Artigo 58. Composición e mandato da Comisión Electoral

1. A Comisión Electoral está integrada polos seguintes membros:

- a) A secretaria ou o secretario xeral, que a presidirá.
- b) Seis vogais que elixirá o Claustro Universitario de entre os seus membros:
 - dúas persoas en representación do profesorado funcionario e o profesorado permanente laboral;
 - unha persoa en representación do resto do profesorado;
 - unha persoa en representación do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos;
 - unha persoa en representación do persoal contratado para realizar tarefas de investigación;
 - unha persoa en representación do estudantado.

2. A presidencia designará, entre quen integre estas vogalías, a persoa que exercerá como secretaria.
3. O mandato das persoas integrantes da Comisión Electoral esgotarase co mandato de cada sector ou colectivo do Claustro Universitario que o escolleu.

Artigo 59. Funcionamento da Comisión Electoral

1. As reunións da Comisión Electoral serán convocadas pola secretaría, por orde da presidencia, para tratar os asuntos da súa competencia, cando resultar necesario ou cando o solicitaren cando menos dúas persoas integrantes deste órgano.
2. Para a válida constitución da Comisión será necesaria a presenza da persoa que desempeñe a presidencia e tres vogais. En caso de ausencia de quen a presidir, actuará como tal a persoa vogal de maior idade das presentes. En caso de ausencia de quen exerza a secretaría, actuará como secretaria accidental a persoa vogal de menor idade das presentes.
3. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia.
4. Contra os acordos da Comisión Electoral, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, previo á vía contencioso-administrativa.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. Cesamento extraordinario de cargos electos

1. Segundo o artigo 99 dos Estatutos, con carácter extraordinario, os órganos colexiados poderán depoñer os cargos unipersoais que lles correspondeu elixir. Para iso, é necesaria a iniciativa dun terzo das persoas que integren o órgano, aprobada por dous terzos do órgano en sesión extraordinaria convocada para o efecto. A aprobación provocará o cesamento do cargo, que continuará en funcións ata a toma de posesión do novo cargo, e a convocatoria de eleccións.
2. A iniciativa formalizarase nun escrito dirixido á presidencia do órgano, no que deberán figurar as sinaturas electrónicas de todas as persoas que a apoien. O dito escrito presentarase por rexistro electrónico. Del remitiráselle copia á Secretaría Xeral.
3. No prazo máximo de dez días, a secretaría do órgano, por orde da súa presidencia, remitiralles aos membros a convocatoria dunha sesión extraordinaria. O único punto da orde do día será a aprobación, se proceder, da proposta de cesamento do cargo unipersoal. A sesión terá lugar nun prazo non superior a dez días a partir da convocatoria.
4. Na sesión extraordinaria abrírase unha quenda de palabras para expoñer as razóns da iniciativa e a réplica, de ser o caso, do cargo cuxo cesamento se pretende.
5. A votación será secreta.

6. De ser aprobada a proposta de cesamento por dous terzos das persoas que integran o órgano, o acordo seralle remitido, mediante certificación da secretaría, á Secretaría Xeral. O cesamento do cargo realizarase por resolución reitoral nun prazo máximo de tres días.

Disposición adicional segunda. Cómputo de prazos

Os prazos fixados por días que se mencionan neste regulamento refírense a días hábiles, polo que se excluirán do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

Disposicións transitorias

Disposición transitoria primeira. Cargos unipersoais anteriores á Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario

Os cargos unipersoais electos que, á entrada en vigor da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, estiveran no seu primeiro mandato de catro anos, poderán finalizalo e concorrer á reelección por un período de seis anos improrrogable e non renovable.

No caso daqueles que estean no seu segundo mandato de catro anos, poderán finalizalo e non poderán optar a unha nova reelección.

Disposición transitoria segunda. Novos cargos electos

Os cargos de directora ou director da Escola Internacional de Doutoramento e de directora ou director dun centro de investigación son, a partir da entrada en vigor dos Estatutos, cargos electos. Para os efectos de aplicar as disposicións relativas á limitación dos mandatos recollidas neste regulamento, non se considerarán os mandatos anteriores á entrada en vigor dos Estatutos, polo que poderán concorrer ás eleccións todas as persoas que reúnan os requisitos de elixibilidade establecidos nos artigos 48 e 52.

Disposición transitoria terceira. Comisión Electoral

A Comisión Electoral actual continuará en funcións ata a constitución da nova Comisión Electoral conforme o disposto neste regulamento.

Disposición transitoria cuarta. Órganos colexiados

A partir da entrada en vigor deste regulamento, e ata a renovación dos órganos colexiados nos termos previstos na disposición transitoria terceira dos Estatutos, manteranse en funcións os actuais membros, agás que concorra unha causa de cesamento, en cuxo caso serán dados de baixa sen proceder á cobertura de vacantes.

Disposición transitoria quinta. Institutos universitarios de investigación

1. As persoas que cando este regulamento entre en vigor ocupen as direccións dos institutos universitarios de investigación poderán continuar no posto durante o período transitorio recollido na disposición transitoria primeira dos Estatutos. De producirse

vacantes, convocaranse eleccións polo procedemento simplificado conforme o previsto na normativa.

2. Durante ese mesmo período transitorio, o consello do instituto rexerase polo disposto na disposición transitoria cuarta.

Disposicións derogatorias

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste regulamento e, nomeadamente, o Regulamento electoral xeral aprobado polo Consello de Goberno o 28 de setembro de 2016.

Disposicións finais

Disposición final primeira. Desenvolvemento e interpretación

Habílitase a persoa titular da Secretaría Xeral para ditar disposicións que desenvolvan este regulamento. A súa interpretación en caso de dúbida correspóndelle á Comisión Electoral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad